

Estimado/a compañeiro/a:

O vindeiro 27 de febreiro celébranse eleccións para elixir os membros do Comité de Empresa. Unha das novidades deste proceso é a incorporación, ó censo de votantes, de todo o persoal que ten un contrato laboral e, por esta razón, por primeira vez, podedes votar unha parte importante do persoal que estades a traballar en proxectos de investigación.

CC OO defendeu, desde o primeiro momento, a vosa participación ó entender que sodes traballadores e traballadoras con tódolos dereitos. Este censo ten a virtude, tamén, de axudar a vos identificar e a saber onde estades. Seguramente unha gran parte do colectivo fostes antes bolseiros e padecestes unha situación laboral máis precaria e inestable. É preciso que se estableza un diálogo entre vos e o Comité de Empresa para ser capaces de buscar solucións os problemas laborais que vos afectan.

En CC OO non somos alleos a circunstancia na que se atopa a investigación non só en Galicia, senón, así mesmo, no resto do Estado. Sabemos tamén que unha porcentaxe elevada desta investigación está feita por persoal investigador en formación (PIF) na que se inclúen de xeito indiscriminado a estudantes de doutoramento, bolseiros/as de investigación e outro tipo de figuras non moi ben definidas. Este colectivo diverso, esencial para que o sistema de investigación funcione, padece unha alta precariedade laboral e profesional e aínda que pola súa formación científica e académica, adquirida durante varios anos a través da elaboración dunha teses doutoral e do desenvolvemento dun proxecto de investigación, esta chamado a ser a base do futuro universitario, industrial e profesional do país, a inestabilidade e a alta precariedade laboral e profesional o está a impedir.

Na negociación do actual I Convenio Colectivo da Universidade de Vigo defendemos a inclusión do persoal contratado para proxectos de investigación, mais, a oposición da empresa impediuno, quedando, de momento, excluídos tal e como recolle o artigo 3. Non obstante, o feito de que podades votar e presentarvos para ser delegados/as do Comité de Empresa vai implicar, seguro, importantes cambios.

Para o voso colectivo, incluídos os/as bolseiros/as (precarios/as), CC OO traballará para elaborar na Universidade de Vigo un documento no que se recollan, entre outros, os seguintes dereitos para o Persoal Investigador en Formación:

- § Recoñecemento da natureza laboral do labor investigador, mediante unha relación contractual amparada polo Estatuto dos Traballadores.
- § Dereito o subsidio de desemprego, á afiliación ó sistema xeral da Seguridade Social, ó disfrute da baixa por maternidade e paternidade, a cobertura sanitaria completa e as garantías sociais no caso de inhabilitación laboral por mor de enfermidade ou accidente.
- § Retribución dignas acorde coa formación e a titulación.
- § Recoñecemento, con carácter retroactivo, dos traballos realizados como investigador/a en formación e, no seu caso, da docencia impartida, a efecto do seu cómputo como mérito nas oposicións e concursos a postos de PDI en organismos públicos.
- § Garantir a selección do Persoal Investigador en Formación a través dos criterios de igualdade capacidade e mérito.
- § Para o desenvolvemento da actividade investigadora e de formación en centros nacionais ou estranxeiros, concesión de axudas económicas acordas co nivel de vida do lugar de destino.
- § Permiso e recoñecemento da realización de actividades de investigación ou docentes remuneradas, tales como conferencias, relatorios ou cursos, en organismos externos, sempre que medie unha relación contractual transparente e auditable, e sempre que estas actividades teñan que ver coa área de coñecemento do/a investigador/a en formación.
- § Establecer os procedementos que garantan unha relación axustada a dereito entre os membros do Departamento e o director de teses, co obxectivo de que se recoñezan o traballo desenvolvido polo PIF.
- § Garantir o acceso pleno os recurso físicos e humanos da universidade e, de maneira especial, os laboratorios e a BUV.
- § Garantir o desenvolvemento do labor investigador nun lugar de traballo, digno e seguro que cumpra con tódalas normas de saúde, hixiene e seguridade.
- § Realizar a actividade investigadora nun horario de traballo regulado no que se recoñeza tamén o dereito a permisos, vacacións e licencias...

O noso compromiso é claro e explícito, mais, para conseguir estes obxectivos é preciso que nos apoies co teu voto. ¡É un dereito que tes, non o estragues!

**MELLORA AS TÚAS CONDICIÓNNS.
TI DECIDES**

0 27 de febreiro vota CC 00